

Domingo de Ramos (B)

EVANXEO

+ Marcos 14,1-15,47

Faltaban dous días para a Pascua e os Ácimos. Os sumos sacerdotes e mais os letrados andaban buscando como collelo a traizón, para matalo. Pero dicían: "Durante as festas non é ben, porque se pode armar un rebumbio cando hai aquí tanta xente".

Estando Xesús en Betania, na casa do Simón o Gafo, recostado na mesa, chegou unha muller cun frasco de alabastro cheo de perfume de nardo puro, moi caro; rompeu o frasco, e unxiulle a cabeza. Algúns dos convidados comentaban indignados:

-¿Pero a que vén este estrago de perfume? Podíase vender en trescentos denarios, e repartírllelos ós pobres.

E alporizábanse contra ela. Pero Xesús dixo:

-Deixádea, ¿por que a molestades? Ben está o que fixo comigo. Os pobres téndelos sempre entre vós, e podédelos axudar cando queirades; pero a min non me ides ter sempre. Ela fixo o que puido. Adiantouse a unxir o meu corpo para o enterro.

Asegú-rovos que onde queira que se anuncie a Boa Nova, polo mundo enteiro, falarase, para honra dela, do que acaba de facer.

Xudas Iscariote, un dos Doce, foi onda os sumos sacerdotes, para lles entregar a Xesús. Eles alegráronse moito do que lles propoñía, e prometéronlle cartos. E andaba buscando o momento axeitado para entregalo.

No primeiro día da festa dos Ácimos, cando se sacrificaba o año pascual, preguntáronlle os seus discípulos:

-¿Onde queres que vaíamos preparar a Cea Pascual?

El mandou a dous discípulos, dicíndolles:

-Ide á cidade, e havos saír ó paso un home, cunha sella de auga. Ide tras el e onde entre, dicíndelle ó dono da casa: "O Mestre pregunta: ¿onde está o lugar no que podo comer a Pascua cos meus discípulos?" El havos mostrar no sobrado unha grande sala, xa disposta e arranxada. Vós preparade o que faga falta.

Marcharon os discípulos e, chegando á cidade, atoparon todo tal como llelo el dixerá. E prepararon a Pascua.

A tardiña, foi el cos Doce. E estando na mesa comendo, díxolles Xesús:

-Asegúrovos que un de vós me vai entregar, un dos que está comendo comigo.

Eles, poñéndose tristes, empezaron a preguntarlle un por un:

-¿Non serei eu?

Pero el dixo:

-Un dos Doce, que está mollando no mesmo prato ca min. O Fillo do Home vaise, como está escrito; pero ¡ai daquel que traizoa ó Fillo do Home! Máis lle valería non nacer.

Mentres estaban a comer, Xesús colleu pan, deu grazas, partiuno e déullelo, dicindo:

-Tomade, isto é o meu corpo.

E collendo unha copa, dando grazas, pasóullela, e todos beberon dela. E díxolles:

-Isto é o meu sangue, da Alianza, vertido por todos. Asegúrovos que xa non volverei beber do produto da viña ata o día que o beba, noviño, no Reino de Deus.

Despois de cantaren os Salmos, saíron para o Monte das Oliveiras. Díxolles Xesús:

-Todos ides tropezar na vosa fe, como está escrito: Ferirei ó pastor e espallaranse as ovelas. Pero cando resucite, irei diante de vós a Galilea.

Replicoulle Pedro:

-Aínda que tropecen todos, eu non caerei.

Xesús respondeulle:

-Ten por seguro que esta mesma noite, antes de que o galo cante dúas veces, ti hasme negar tres.

Pedro insistiu aínda:

-Anque teña que morrer contigo, endexamais non te negarei. E o mesmo dicían os outros.

Chegaron a unha finca chamada Xetsemaní, e díxolles ós discípulos:

-Sentade aquí, mentres eu vou orar.

E levando consigo a Pedro, Santiago e Xoán, empezou a sentir arrepío e angustia. E díxolles:

-Morro de tristura; quedade aquí, e vixiade.

E avanzando un pouco, caeu no chan, rogando para que, se fose posible, pasase del aquela hora. E dicía:

-Abba, meu Pai, ti pódelo todo, arreda de min este cáliz. Pero non se faga o que eu quero, senón o que queres ti.

E volvendo onda eles, atopounos durmindo. Díxolle a Pedro:

-Simón, ¿dormes? ¿Seica non podes velar unha hora tan sequera? Estade atentos e rogade, para que non se vos someta á tentación. O espírito está disposto, pero a carne é débil.

E arredándose de novo, volveu a pregar do mesmo xeito. Ao volver, outra vez os atopou durmindo, pois caíanlles os ollos co sono; e non sabían que lle dicir. E por terceira vez, volveu Xesús dicindo:

-¿Conque durmides e descansades? Pois sabede que xa chegou a hora, e ó Fillo do Home vano entregar nas mans dos pecadores. ¡Veña!, erguédevos e vaiámonos, que xa está aquí o que me vai entregar.

Estando aínda a falar, presentouse Xudas, un dos Doce, acompañado dun tropel de xente con espadas e paus, mandada polos sumos sacerdotes, letrados e anciáns. O traidor déralles unha contrasinal:

-Aquel a quen eu bique, ese é; prendédeo, e levádeo con tino. E así que chegou, acercouse e díxolle:

-¡Mestre!

E bicouno. Eles botáronselle enriba e prendérono. Pero un dos presentes, desenvaiñando a espada, feriu a un criado do Sumo Sacerdote, rabenándolle unha orella.

Xesús reprendeunos dicindo:

-Víndesme prender con paus e espadas, coma se fose un bandido. Estiven a diario no templo entre vós, e non me prendestes. Pero que se cumpran as Escrituras.

E todos fuxiron abandonándoo. Só o seguiu un mozo envolto nunha saba.

Detivérono. Pero el, desenleouse da saba, e fuxiu espido.

Conduciron a Xesús á casa do Sumo Sacerdote. E xuntáronse todos os pontífices, anciáns e letrados. Pedro seguiu de lonxe ata o pazo do Sumo Sacerdote, e sentou alí para quentarse cos criados, á beira do lume.

Mentres, os sumos sacerdotes e mais o Sanedrín enteiro teimaban por encontrar algunha testemuña contra Xesús, para o poderen condenar á morte; pero non a atopaban. Moitos testemuñaban en falso contra el, pero non chegaban a pórse de acordo. Algúns, erguéndose, trataron de levantarlle un falso testemuño, dicindo:

-Nós mesmos oímoslle dicir: "eu destruirei este Templo, feito por homes, e en tres días construirei outro non feito por homes".

Pero nin así chegaban a se poñeren de acordo no testemuño. Entón, erguéndose o Sumo Sacerdote e adiantándose ata o medio, interrogou a Xesús:

-¿Non respondes nada? ¿Que é o que estes testemuñan contra ti?

Pero el calaba, e non respondeu palabra. De novo lle volveu preguntar o Sumo Sacerdote:

-¿Es ti o Mesías, o Fillo do Bendito?

Xesús contestoulle:

-Eu son. E habedes ver o Fillo do Home, sentado á dereita do Todopoderoso, vir entre as nubes do ceo.

Daquela o Sumo Sacerdote, rachando os vestidos, exclamou:

-¿Que necesidade temos xa de testemuñas? Vós mesmos oístes a blasfemia. ¿Que vos parece?

Todos o declararon culpable, e que merecía a morte.

Algúns empezaron a cuspir nel e tapándolle a cara, dábanlle labazadas, dicindo:

-¡Adiviña, profeta!

Mesmo os criados tamén mallaban nel.

Estando Pedro embaixo, no patio, chegou unha das criadas do Sumo Sacerdote. O que viu a Pedro quentándose, quedou mirando para el e díxolle:

-Ti tamén andabas con Xesús de Nazaret.

El negouno, dicindo:

-Non sei nada, nin comprendo de que me falas.

E saíndo para fóra, cantou o galo. A criada volveuno ver outra vez, e empezoulles a dicir ós presentes:

-Este évos un deles.

E de novo el volveu negalo. Pero de alí a pouco tamén os presentes empezaron a dicirlle:

-Si, ti es un deles, que es galileo.

El, entón, empezou a maldicir e xurar, dicindo:

-Eu non coñezo a ese home de quen falades.

E, de contado, por segunda vez, cantou o galo. A Pedro acordáronselle as palabras de Xesús: "Antes de que o galo cante dúas veces, ti hasme negar tres"; e saíndo para fóra, rompeu a chorar.

A mañanciña cedo, os sumos sacerdotes, os anciáns e mais os letrados -todo o Sanedrín-, despois dunha reunión do Consello, amarraron a Xesús e fórono entregar a Pilato.

Pilato preguntoulle:

-¿Es ti o rei dos xudeus?

Respondeulle:

-Ti o dis.

E os sumos sacerdotes acusábano de moitas cousas. Pero Pilato volveulle preguntar:

-¿Non respondes nada? Xa ves de cantas cousas te acusan.

Pero Xesús non respondeu nada, deixando moi estrañado a Pilato.

Polas festas tiña o costume de soltar o preso que lle pedisen. Estaba daquela na cadea un tal Barrabás, xunto cos sediciosos que nunha revolta mataran a un home.

Cando subiu o xentío, empezou a reclamar o indulto tradicional. Pilato respondeulles:

-¿Queredes que vos solte ó rei dos xudeus?

Pois el ben sabía que os sumos sacerdotes llo entregaran por envexa. Pero eles encirrabán á xente, para que lles liberase a Barrabás. Pilato respondeu:

-¿E que fago eu con ese ó que lle chamades rei dos xudeus?

A xente volveu berrar:

-¡Crucifícao!

Pilato replicou:

-Pero, ¿que mal fixo?

Mais eles berraban máis forte:

-¡Crucifícao!

E Pilato, para compracer ó pobo, soltou a Barrabás; e a Xesús, despois de o mandar azoutar, entregouno para que o crucificasen.

Os soldados, levárono, para dentro do pazo do gobernador, é dicir, do Pretorio, e chamaron a toda a compañía. Vestírono de púrpura, e trenzaron unha coroa con espiños e encaixáronlla. Empezáronlle a facer saúdos:

-¡Saúde, rei dos xudeus!

E cunha canivela dábanlle golpes na cabeza, cuspían nel e, axeonllándose, rendíanlle homenaxe. E despois de faceren riso del, quitáronlle a púrpura e puxéronlle a súa roupa. Despois levárono fóra, para o crucificaren.

Pasaba por alí Simón de Cirene, que volvía da leira -o pai de Alexandro e de Rufo- e obrigárono a cargar coa cruz. Levárono a un lugar chamado Gólgota, ou sexa, lugar da Caveira. Alí dábanlle viño con mirra pero non o quixo. Crucificárono e repartiron a roupa, botando sortes para saber o que lle tocaba a cada un.

Era a media mañá cando o crucificaron. Un letreiro anunciaba a causa da súa condena: "O rei dos xudeus". Con el crucificaron tamén a dous bandidos, un á dereita e outro á esquerda.

Os que pasaban por alí, burlábanse del, abaneando as cabezas, e dicindo:

-¡Vaítes, vaítes, o que destrúe o Templo e o reconstrúe en tres días! ¡Anda, baixa agora da cruz, e sálvate!

Do mesmo xeito, os sumos sacerdotes, burlándose entre eles cos letrados, dicían:

-¡Salvou a outros, pero non se pode salvar a si mesmo! ¡O Mesías, o rei de Israel!

¡Que baixe da cruz agora, para que vexamos e creamos!

Tamén os que estaban crucificados con el o aldraxaban.

Chegado o mediodía, a escuridade cubriu toda a terra, ata as dúas e pico da tarde. E nesa hora, Xesús berrou moi forte:

-Eloí, Eloí, lámá sabactaní (que quere dicir: "Meu Deus, meu Deus, por que me abandonaches").

Oíndo aquilo, algúns dos presentes comentaban:

-¿Oístes? Está chamando por Elías.

E un deles, botando a correr, empapou unha esponxa en vinagre, espetouna nunha canivela, e deulle de beber, dicindo:

-Deixade, a ver, logo, se vén Elías baixalo.

Pero Xesús, dando un berro moi alto, expirou.

O veo do Templo rachou en dous de arriba abaixo. O centurión, que estaba diante, oíndo o berro que deu ó morrer, dixo:

-Verdadeiramente este home era Fillo de Deus.

Tamén había mulleres, mirando desde lonxe; entre elas estaban María Magdalena, María a nai de Santiago o Menor e de Xosé, e mais Salomé, que o seguían e servían cando estaba en Galilea; e moitas outras que subiran con el a Xerusalén.

A tardiña, como era o día da Preparación, ou sexa véspera de sábado, Xosé de Arimatea, nobre conselleiro que tamén esperaba o Reino de Deus, foi onda Pilato con gran valor, para lle pedir o corpo de Xesús. Pilato estrañouse de que xa estivese morto, e, chamando polo centurión, preguntoulle se xa morrerá; daquela, informado polo centurión, entregoulle o cadáver a Xosé. El, mercando unha saba, baixouno, envolveuno nela, e acomodouno nun sepulcro excavado na rocha; logo fixo rodar unha lousa sobre a entrada. María Magdalena e mais María de Xosé enxergaban para ver onde o poñía.

Palabra de Deus.

HOMILIA

29/03/2015

O XESTO SUPREMO

Xesús contou coa posibilidade dun final violento. Non era un inxenuo. Sabía a que se expoñía se seguía insistindo no proxecto do reino de Deus. Era imposíbel buscar con tanta radicalidade unha vida digna para os «pobres» e os «pecadores», sen provocar a reacción daqueles aos que non lles interesaba cambio algún.

Certamente, Xesús non é un suicida. Non busca a crucifixión. Nunca quixo o sufrimento nin para os demais nin para el. Toda a súa vida dedicouse a combatelo alí onde o atopaba: na enfermidade, nas inxustizas, no pecado ou na desesperanza. Por iso non corre agora trala morte, pero tampouco se bota atrás.

Seguirá acollendo a pecadores e excluídos aínda que a súa actuación irrite no templo. Si terminan condenándoo, morrerá tamén el como un delincuente e excluído, pero a súa morte confirmará o que foi a súa vida enteira: confianza total nun Deus que non exclúe a ninguén do seu perdón.

Seguirá anunciando o amor de Deus aos últimos, identificándose cos máis pobres e desprezados do imperio, por moito que moleste nos ambientes próximos ao gobernador romano. Se un día o executan no suplicio da cruz, reservado para escravos, morrerá tamén el como un desprezábel escravo, pero a súa morte selará para sempre a súa fidelidade ao Deus defensor das vítimas.

Cheo do amor de Deus, seguirá ofrecendo «salvación» a quen sofren o mal e a enfermidade: dará «acollida» a quen son excluídos pola sociedade e a relixión; regalará o «perdón» gratuito de Deus a pecadores e xentes perdidas, incapaces de volveren á súa

amizade. Esta actitude salvadora que inspira a súa vida enteira, inspirará tamén a súa morte.

Por iso aos cristiáns lles atrae tanto a cruz. Bicamos o rostro do Crucificado, levantamos os ollos cara a el, escoitamos as súas últimas palabras, porque na súa crucifixión vemos o servizo último de Xesús ao proxecto do Pai, e o xesto supremo de Deus entregando ao seu Fillo por amor á humanidade enteira.

É indigno convertermos a semana santa en folclore ou reclamo turístico. Para os seguidores de Xesús celebrarmos a paixón e morte do Señor é agradecemento emocionado, adoración gozosa ao amor «incóbel» de Deus e chamada a vivirmos como Xesús solidarizándonos cos crucificados.

José Antonio Pagola

Tradutor: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

01/04/2012

IDENTIFICADO COAS VÍTIMAS

Nin o poder de Roma nin as autoridades do Templo puideron soportar a novidade de Xesús. O seu xeito de entender e de vivir a Deus era perigoso. Non defendía o imperio de Tiberio, chamaba a todos a buscar o reino de Deus e a súa xustiza. Non lle importaba romper a lei do sábado nin as tradicións relixiosas, preocupáballe só aliviar o sufrimento das xentes enfermas e desnutridas de Galilea.

Non llo perdoaron. Identificábase demasiado coas vítimas inocentes do imperio e cos esquecidos pola relixión do templo. Executado sen piedade nunha cruz, nel revélasenos agora Deus, identificado para sempre con todas as vítimas inocentes da historia. Ao berro de todos eles únese agora o berro de dor do mesmo Deus.

Nese rostro desfigurado do Crucificado revélasenos un Deus sorprendente, que rompe as nosas imaxes convencionais de Deus e pon en cuestión toda práctica relixiosa que pretenda dar culto a Deus esquecendo o drama dun mundo onde se segue a crucificar aos máis débiles e indefensos.

Se Deus morreu identificado coas vítimas, a súa crucifixión convértese nun desafío inquietante para os seguidores de Xesús. Non podemos separar a Deus do sufrimento dos inocentes. Non podemos adorar ao Crucificado e vivir de costas ao sufrimento de tantos seres humanos destruídos pola fame, as guerras ou a miseria.

Deus séguenos interpelando dende os crucificados dos nosos días. Non nos está permitido seguir a vivir como espectadores dese sufrimento inmenso alimentando unha inxenua ilusión de inocencia. Temos de rebelarnos contra esa cultura do esquecemento, que nos permite illarnos dos crucificados desprazando o sufrimento inxusto que hai no mundo cara a unha "distancia" onde desaparece todo clamor, xemido ou choro.

Non nos podemos encerrar na nosa "sociedade do benestar", ignorando a esa outra "sociedade do malestar" na que millóns de seres humanos nacen só para extinguirse aos poucos anos dunha vida que solo foi morte. Non é humano nin cristián instalarnos na seguridade esquecendo a quen só coñecen unha vida insegura e ameazada. Cando os cristiáns levantamos os nosos ollos ata o rostro do Crucificado, contemplamos o amor insondable de Deus, entregado ata a morte pola nosa salvación. Se o miramos máis detidamente, pronto descubrimos nese rostro o de tantos outros crucificados que, lonxe ou preto de nós, están a reclamar o noso amor solidario e compasivo.

José Antonio Pagola
Traduciu: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

05/04/2009

O XESTO SUPREMO

(Véxase homilía 29/03/2015)

José Antonio Pagola
Tradutor: Xaquín Campo Freire

Blog: <http://sopelakoeliza.blogspot.com>
<http://iglesiadesopelana.blogspot.com>

José Antonio Pagola Itxaldiaren Bideoak ikusteko:
<http://iglesiadesopelana3v.blogspot.com>